

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/11	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «NA NECESIDADE DE APROBAR A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO VINDEIRO EXERCICIO 2019»
<b>Data</b>	18 de outubro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:40 ata as 21:02 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretario</b>	LUCIA ARTIME ALONSO

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARÍA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	NON
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ

### Concello da Estrada



35455186L	MARÍA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMÁN SUÁREZ PORTO	NON
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS	NON
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ
35445066L	ROSA M. <sup>a</sup> MÉNDEZ ARAGUNDE (en calidade de Secretaria acctal.)	SI

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE OUTUBRO DE 2018**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de outubro 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### **Expediente 5448/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTO XERAIS, RELATIVO Á DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2019**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 17, En contra: 1, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O Concelleiro delegado de Organización, **D. Alberto Blanco Carracedo**, explica que o expediente que se trata neste punto é a fixación dos días festivos locais para o vindeiro ano 2019, previo sometemento á Mesa Local de Comercio e Comisión Informativa correspondente, propoñéndose ao Pleno en que estes sexan os días 26 e 27 de xuño.

#### **Concello da Estrada**



Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, quen di que esta decisión sométese previamente á Mesa Local de Comercio e Consello Económico Social, e, como sempre, o seu grupo político apoia a decisión tomada pola maioría, ante o que traslada o voto favorable do seu grupo a esta proposta para establecer como días festivos locais para o ano 2019 o 26 e 27 de xuño.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, manifestando que o seu grupo apoia a proposta da ACOE para que os festivos locais para o vindeiro ano sexan o 27 de xuño e o “martes de entroido”, por entender que deste xeito beneficiábase ao sector do comercio ao facilitar que o 26 de xuño abran os seus establecementos ao público por ser un mércores e día de feira; por outro lado, ao considerar como festivo o martes do entroido potenciaría a participación cidadán nos actos culturais para esa data.

Finalmente, non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e en contra de MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 01/10/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto que no calendario laboral anual figuran dous días de carácter festivo municipal que serán propostos por cada un dos Concellos

Vistas as reunións mantidas coa Mesa Local de Comercio e co Consello Económico e Social o día 08/10/2018.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na sesión celebrada o 08/10/2018.

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Fixar como días festivos locais para o ano 2019 o 26 e 27 de xuño, por coincidir coas festas patronais.

**Segundo.-** Déase traslado deste Acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede en Vigo).

#### **Expediente 5465/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE Nº 2/2018 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 17, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen di que se trae a esta sesión o expediente de recoñecemento



extraxudicial de crédito nº 2/2018, procedemento establecido pola lei para o pagamento daquelas facturas por gastos ou servizos realizados en exercicios anteriores e non tramitados nas súas anualidades orzamentarias, ou ben por ser presentadas fóra de prazo, a pesares de que dende o departamento municipal de Intervención chámase a todos os provedores para que presenten a súas facturas antes de finalizar o exercicio. Pero, tendo en conta a obriga municipal de pagar a todos os provedores, é necesario iniciar o expediente que se presenta e que importa a cantidade de 27.137,39 € máis unha retención de I.R.P.F. por importe de 292,58 €, facendo un total de 27.429,97 €.

Pide a palabra a voceira do partido socialista, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que se trata dun procedemento especial ao que todos os grupos de goberno que pasaron por A Estrada tiveron que tramitar por causa da obrigatoriedade de pagar aos provedores, sen embargo aclara que a diferenza está na responsabilidade de cada goberno e tamén da oposición, xa que esta última é sabedora da obriga de pagar os servizos ou subministros realizados a este Concello e, polo tanto, non se debe facer un guerra aberta para atacar a quen goberna, actitude que non adoptou os partidos políticos na oposición en gobernos anteriores, senón que o utilizaron como medida de ataque e desprestixio.

Continúa dicindo que van a votar a favor da aprobación do nomeado expediente pero, unha vez máis, esixe que se pague con prontitude e dilixencia a todos os provedores, sen esquecer que moitas das facturas incluídas na relación contan cos mesmos reparos da Intervención e que se repiten ano tras ano, polo que deberíase tomar as medidas oportunas para evitar estes erros e que se deixen de escudarse en desculpas repetitivas, como o dicir que non hai persoal. Polo tanto, pide que se intente reducir estes gastos extraordinarios e que se atendan aos reparos emitidos polo órgano interventor.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, aclarando que non vai a votar en contra desta expediente, pero observa que moitas das facturas incluídas na relación contan con reparos suspensivos da Intervención municipal e, por este motivo, vai a absterse na votación por considerar que non pode estar de acordo coas irregularidades dos servizos ou subministros facturados.

Tamén quere facer un especial fincapé na factura relativa os servizos de defensa xurídica do Concello, a cal vai acompañada dun informe da Intervención municipal, o cal emite reparo suspensivo por incompatibilidade coa Lei de Contratación, aconsellando que se inicie un procedemento legal para a contratación deste servizo a través dun contrato único e xeral e non seguir facendo adxudicacións a dedo cada vez que xurde a necesidade de nomear avogados para actuar en representación e defensa do Concello.

O Concelleiro de Facenda, **D. Alberto Blanco**, responde á voceira do Partido Socialista dicindo que, en anos anteriores, cando o actual grupo de goberno era oposición, se criticaba a existencia destes expedientes de recoñecemento extraxudicial por causa da falta de fondos e non polos reparos suspensivos.

Respondendo á voceira de Móvete, no relativo ás facturas de asistencia xurídica, lle aclara que neste expediente se inclúen facturas de procuradores, e, no relativo aos reparos da



Intervención municipal, fórmulanse ás emitidas por subministro de electricidade por Gas Natural e que supoñen o 95% das contas incluída no expediente, informando que a partir de agora estes reparos non van a existir xa que se formalizou un contrato coa empresa subministradora e, ademais, haberá unha factura única.

Finalmente, non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e a abstención de MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a relación de contas nº 100/2018 de 03/10/2018, na que figuran diversas facturas por gastos realizados en exercicios anteriores ao en curso.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 04/10/2018 en relación coa incoación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2018 (Expediente Gestiona nº 5465/2018), co obxecto de aprobar unha serie de gastos realizados en exercicios anteriores e non tramitados nas súas anualidades orzamentarias (relación de contas nº 100/2018).

Visto o informe asinado con data 04/10/2018 pola Sra. Interventora accidental, formulando reparos suspensivos ao pagamento das facturas incluídas na nomeada relación.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 04/10/2018.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Contas, na sesión celebrada o 10/10/2018.

E, de conformidade co disposto no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990 do 20 de abril, **ACORDAMOS**:

**Primeiro.-** Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal polos motivos en cada caso indicados no respectivo informe, xa que as facturas presentadas correspóndense con subministros e servizos efectivamente prestados e para evitar que se produza o enriquecemento inxusto das entidades locais pola falta de pagamento das mesmas, evitando, deste xeito, que os provedores teñan que iniciar os conseguintes procedementos xudiciais en demanda dos seus dereitos.

**Segundo.-** Aprobar e proceder posteriormente ao pagamento dos gastos incluídos no expediente número 2/2018 de recoñecemento extraxudicial de créditos (Expediente Gestiona n.º 5465/2018) por un total de 27.429,97 euros a favor dos acredores e nas contías individualizadas que se detallan na seguinte relación:

- Relación de contas nº 100/2018 de 03/10/2018 por importe líquido de 27.137,39 euros (Recoñecemento: 27.137,39 euros máis unha retención de I.R.P.F. por importe de 292,58 euros, facendo un total de 27.429,97 euros).

**Expediente 5494/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 17, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Toma a palabra o **Sr. Alberto Blanco**, en calidade de Concelleiro delegado de Facenda, explicando que, tralo ditame da Comisión Informativa de Facenda, sométese a aprobación por este órgano do expediente de modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, para actualizar o imposto ás explotacións dos sectores agrario, gandeiro e forestal, ao abeiro da facultade outorgada polo artigo 74.2.quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, aprobatorio do texto refundida da Lei Reguladora das Facendas Locais, para que os concellos poidan, mediante ordenanza, regular bonificacións de ata un 95% do imposto a favor de inmóveis que desenvolvan actividades económicas e que sexan de especial interese ou utilizada municipal. E, ante esta potestade, considera que todos os grupos políticos con representación municipal neste Concello (incluído o Bloque, cuxo voceiro lle trasladou a súa conformidade) están de acordo en que se estableza unha bonificación a estes sectores e, por conseguinte, se modifique o artigo 9 da Ordenanza existente, de xeito que gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmóveis nos que estean ubicados unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración; e, no suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas anteriormente, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha. Aclara tamén, que para poder aplicar esta bonificación, a construción cuxa existencia a xustificaría, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asinada un valor catastral, correspondendo ao Pleno a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Por último, di o Sr. Blanco que para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos deberán unir á súa solicitude diversa documentación e que se especifica detalladamente na Ordenanza modificada.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao**, dicindo de que por fin se trae a unha sesión plenaria un asunto de calado, sen embargo fai un ano e pico que se pediu nunha sesión plenaria que se procedera a estudar e traballar no establecemento dunha bonificación no IBI para as explotacións gandeiras e agrícolas, sendo, incluso, obxecto de diversas mocións; pero, curiosamente, o grupo de goberno non o decidiu ata de agora e de forma urxente para que poida entrar en vigor o vindeiro 1 de xaneiro de 2019, poñendo barreiras para que os grupos da oposición puideran participar neste expediente.

Continúa dicindo que, tendo en conta que se trata dun asunto obxecto de petición por parte de partido socialista en anos anteriores, vai a votar a favor desta proposta, por considerar que se trata dunha modificación necesaria para poder outorgar bonificacións a aquelas



actividades económicas de especial importancia na economía do noso municipio, ademais de ser de interese público.

Para rematar, e ante a mala situación económica que están a vivir estes sectores, considera que se deberían adoptar medidas para mellorar as condicións destas industrias, transmitindo que é necesario efectuar un estudo da situación das cooperativas, para ver se se poden acoller a estas novas bonificacións.

Intervén a **Sra. Mar Blanco**, lembrando que no mes de abril de 2016 puxo enriba da mesa dunha Comisión Informativa de Facenda a necesidade de levar a cabo un estudo sobre posibles bonificacións no IBI e así frear o impacto do “catastrazo”, sen embargo non se fixo, e agora se somete ao Pleno a aprobación da modificación da Ordenanza de presa e correndo e sen posibilidade de estudo detallado e participación dos grupos da oposición.

Continúa trasladando o seu apoio á proposta de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI aos inmobles nos que estean ubicados unicamente construcións na que se desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais, pero quere deixar enriba da mesa unha proposta doutro tipo de bonificacións.

En atencións ás anteriores intervencións, **O Sr. Alberto Blanco di**, con respecto aos prazos, considera que chegamos a tempo porque o Concello non solicitou a revisión catastral e por iso entramos de oficio. Así mesmo, aclara que as cooperativas si que gozan de bonificacións específicas, as cales están xa recollidas na Ordenanza reguladora, así como na Lei.

A **Sra. Belén Louzao** recoñece que existe unha bonificación específica para as cooperativas, pero considera que debería estudarse se se poden acoller a estas novas bonificacións ou outras, ao abeiro das características dos inmobles e actividades das mesmas, esperando que os prazos dean marxe para ter en conta esta proposta antes de tramitar a modificación da Ordenanza.

Finalmente, non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e a abstención de MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Visto o artigo 74.2.quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece, entre as bonificacións potestativas que os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros

Vista a competencia do Pleno da corporación segundo o preceptuado no artigo 22.2f) da Lei 7/85.



Considerando os sectores agrario, gandeiro e forestal estratéxicos para o noso Concello e tendo competencia para establecer medidas tributarias dirixidas ao impulso das citadas actividades económicas.

Vista a proposta emitida polo Concelleiro delegado de Facenda con data 04/10/2018.

Visto o informe emitido pola Sra. Secretaria con data 04/10/2018.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención municipal de data 05/10/2018.

Visto o informe desfavorable emitido pola Sra. Secretaria con data 10/10/2018, complementario ao asinado o 04/10/2018.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o 10/10/2018.

### **ACORDAMOS:**

Aprobar a modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles nos seguintes aspectos:

**a) En canto ao seu artigo 9 (BONIFICACIÓNS), engádese o seguinte apartado 4.bis:**

*“4.bis. De conformidade co establecido no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.*

*No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.*

*Para poder aplicar esta bonificación, a construción cuxa existencia a xustificaría, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asinada un valor catastral.*

*Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*Para poder gozar desta bonificación, os suxeito pasivo deberán unir á súa solicitude a seguinte documentación:*

- *Acreditación da titularidade catastral do inmovible.*
- *Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade*



*agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.*

- *Declaración, asinada polo suxeito pasivo, de que no inmovble para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal.*
- *Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.*
- *Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.*

*O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.*

*Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. Cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal, o órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal.”*

**b) Asemade, engádese un segundo parágrafo ao punto 7 do artigo 9:**

*“A bonificación regulada no apartado 4,bis terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo antes do 1 de abril do exercicio en que vaia a ter efectividade e a súa concesión manterase para os exercicios sucesivos, sen prexuízo do establecido no parágrafo final do dito apartado.”*

**c) Por último, engádese:**

**“DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación o .... de .... de 2018, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2019 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas”*

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e dous minutos do día do seu comezo.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**